

Con Antón Pérez Prado, en Bos Aires: a galegitude na diáspora

Xosé Soto Andión

Antonio Pérez Prado¹ é un fillo de galegos nacido en Bos Aires hai 69 anos. Exerceu a profesión de médico no Centro Galego e asemade estivo moi atento ó mundo da cultura en tódalas súas facetas: ensaio, cine, literatura, lingua, xornalismo... Entre os seus traballos cabe destacar artigos como «La presencia gallega en Argentina», «Imaxes da discriminación», «Lembranza de Seoane na súa Buenos Aires», «Eduardo en Buenos Aires» e tamén libros, un dos máis coñecidos *Los gallegos y Buenos Aires* é unha obra de 286 páxinas publicada no ano 73. É este un libro que el mesmo cualifica de «polémico», está centrado na emigración galega á cidade de Bos Aires. Aquí atopamos os dramas e as dores do emigrante, o sentimento da terra, os mitos, os prexuízos, o idioma asoballado e a falta de auténticas iniciativas culturais en moitos casos, o falso tópico dos galegos ricos, a vida pública dos galegos e a reflexión sobre o influxo da cultura galega na cidade de Bos Aires así como a presenza da cultura porteña tamén na cultura e na literatura de Galicia. É así mesmo autor Pérez Prado do guión da película *Castelao*, un achegamento de catro horas á persoa do noso universal escritor, adobiado co lategazo crítico ó antigaleguismo da época.

– *Xa sei que ti non terás aquí moitas ocasións para falar galego con alguén, de calquera xeito, procura expresarte de maneira natural e no galego que ti coñezas.*

Bueno, como ti me dixeches eu vou tratar de falar o galego que me sae. Un galego que case nunca o falo porque non teño case que xente con quen falalo.

– *¿No «Centro Gallego» non tes con quen practicar, con quen falalo?*

Os que falan galego no Centro Galego son dous...

– *Rodríguez e Rei.*

1. Con Antón Pérez Prado falei no coñecido Hotel City da cidade de Bos Aires, contra finais do mes de outono do ano 95.

Dous e nada máis. Cando eu estaba eramos tres. Antes eramos catro e non falaban nin fala ninguén. Eu fun médico do Centro Galego 35 anos, médico. Fun o único médico que lles falaba en galego ós enfermos, pero como eu sabía perfectamente ben o complexo e ademais esa cousa de que alguén que non coñecían lles falara nunha lingua rural..., imos pensar o que podía crer un home que chegou no ano 20 e no ano 30, porque claro 35 anos quere dicir que eu collín algún vello da grande emigración, vellos coma o meu pai; non da emigración, por exemplo, do posfranquismo, non digo posfranquismo, va, pero do ano 45, 50, esa é unha. Pero eu falaba moitas veces e tiña que atender, axudar e ver morrer, que é importante eso, por eso che vou dicir logo porque eu falo de morrer e ver morrer. Eu collía xente, chegaban no ano 10, no ano 20 e eran completamente distintos dos que chegaron despois. Pode que foran máis analfabetos, pero tiñan menos complexos os dos anos 10 e 20 cós outros, complexos neste senso, tiñan a marca terrible do castelán, do castelán e da escola; mellorara a escola e eso quería dicir que foran amoldados a unha escola na que o galego realmente era un dos problemas endémicos rexionais que había que rematar con el, porque a idea que podía haber no ano 40, 45, 50 era que había que rematar cunha cousa de mal falar. Era unha cousa endémica, unha enfermidade, como pode ser a garrapata, o paludismo..., era unha cousa así. Aínda os que non tiñan unha verdadeira xenreira..., estaban os outros que politizados podían ser moi castelanistas, centralistas, o que ti queiras, pero aínda os que non eran así entendían que a cousa era sacalos desa imposibilidade de comunicarse co grande mundo, cunha lingua do imperio. Ninguén usaba esa verba «imperio» nin cousas polo estilo, pero eso era intimamente o que estruturaba a súa actitude.

– *¿Como era a túa relación, comunicación e trato cos enfermos?*

No Centro Galego, eu para falar galego cos enfermos, que sempre o fixen, cando foi posible, tiña que ter unha técnica especial, que cheguei a poñela ben a punto. Primeiro, nunca de entrada, porque eso podía quedar para eles como un intento de facer burlas do tipo de... «quen é este home, que pensa que eu non sei falar castelán...» Entón primeiro falábase, facíase o traballo médico. Como eu era especialista, chamábanme en consulta e o enfermo xa estaba no centro, xa tiña historias clínicas feitas e logo ían chamar un especialista que ía falar a ver qué tiña o enfermo. Entón chegaba eu. Eu facía o meu oficio e logo cando o enfermo amolecía un pouco, xa estaba un pouco menos tenso, trataba de consolalo, de tratalo ben, sempre o fixen con todos e é unha das grandes cousas que lle debo á medicina porque fixéronme moito máis ben os enfermos a min que eu a eles, quero dicir, paseino ben, nunca traballei na vida comercial da medicina, na medicina privada, sempre no Hospital e no Centro Galego. Eu non teño tarxetas de crédito, non teño coche, nada deso, pero paseino moi ben. Eu xoguei a doutor e gustoume. Entón, cando os vía, o sistema era preguntarlles de onde eran, entón moi á galega, non dicían universo ou planeta terra porque non o sabían dicir..., dicían de España, e eu preguntaba ¿de que parte?, eles dicían «del norte», en castelán, todo en castelán dereito. ¿E de que parte? preguntaba, «bueno no sé..., de Galicia». Entón viña a contrapregunta deles «¿pero usted conoce?» Un pouco si. ¿Y por que? Entón eu dicía «yo soy hijo de gallegos, mi padre vino tal», son de tal lado... E de alí a un pouco eu contáballes algún contíño, entón xa podía meter pequenas frases. Logo de todo esto, e ó mellor nunha segunda ou terceira visita, pois xa podíamos falar. Polo xeral o que verdadeiramente marcaba a posibilidade de falar nalgúns era así; algúns aceptaban, a outros

gustáballes, pero contestaban todo en castelán, é moi común, gustáballes que eu lles falase en galego, pero eles contestar en castelán. Pero a cousa dramática era cando ían morrer. Eu fun especialista en sangue e morrían case que todos os enfermos, leucemias...e cousas así. Pero eu tiña unha mortalidade moi grande, pola especialidade, cando ti estás con leucemias, cánceres e demais... E cando estaban, cando chegaban ó fondo, alí era onde realmente case todos deixaban ceibe o seu espírito, que estaba alí, no fondo, e falaban máis galego. Amolecían de todo, perdían esa códega, sabes, a caparazón. Pasoume co meu pai e a miña nai. Eles case nunca falaban galego entre si. Miña nai era máis galega, miña nai chegou de dezaseis anos, traballou nunha fábrica, foi á escola de noite e fíxose anarquista, pero anarquista pesada. Ós dezaseis anos e seis meses estivo no primeiro tiroteo. Logo estivo con Antonio Soto, os primeiros mates que fixo, ensináronlle, foi para Soto, porque os mentores de Soto eran tíos meus, un tío Marcelino anarquista, que escribía nun periódico anarquista que se chamaba «El látigo del Carrero». Entón entre meu pai e miña nai non se falaba galego, pero miña nai sempre mo falou cando entendía que correspondía, cando se falaba dunha historia, dunha consella, dun conto, de algo que fora un pouquiño porco, pícaro ou malicioso, que ti xa sabes que cando ti o dis en galego parece que é un pouquiño menos agresivo, non é certo. Pero meu pai moi raramente. Miña nai tamén falaba cando viña algún irmán ou algunha amiga que tiña que chegara con ela, un pouco parente, sempre son un pouco parentes os da bisbarra, pois entón aí miña nai falaba en galego. E moitas veces contestábanlle en castelán. Unha delas, que eu lle chamo tía Pelusa ou tía Dina, que ten noventa e tantos anos, falamos case que todos os días por teléfono e a cousa é dramática, eu falo todo en galego e ela fálame todo en castelán; pero ela quere que eu lle fale en galego, se empezo a falar en castelán di:»pero que estás facendo, estabas hablando en gallego, a mi me gusta tanto...» Pero fáleme en galego tamén, tía, por qué non me fala, dígolle eu. «Pero claro que che falo todo o que queiras..., mira el otro día tuve que ir al médico...», e xa fala en castelán e escarallamos a cousa. Pero é moi importante eso, é moi importante. Cando meu pai estaba a morrer..., eu fixen a miña vida académica de médico acá, pero logo fixen posgrados grandes no exterior, fun no ano 63, 64, 65 a Inglaterra e logo pasei o 66 en Holanda, en Amsterdam. Cando eu cheguei de Inglaterra, meu pai estaba mal, mal e durou un mes e perdía moitas veces o senso e por momentos tiña a idea de que era un rapaz el, que estaba alá, estaba coas vacas, que estaba en Vahamonde e falábame do lugar, de ir á cabana e eu seguía lle un pouquiño e entón falabamos galego e coa miña nai, ela morreu de 84 anos de morte natural, entón xa falabamos en galego. Porque pasaba esto, todos os que quixemos falar galego e demais aínda que tiveramos os pais galegos e aínda que eles foran capaces de falar, había unha cousa de complexo terrible, pero era terrible. Ó Hixinio Martínez custoulle un traballo terrible dicir algo en galego a alguén, terrible, porque era unha cousa, non sei que era, daba vergonza, non era natural.

– *¿Cos intelectuais exiliados tiveches algún contacto e algunha posibilidade de falares en galego?*

En realidade, eu case nunca falei unha verba en galego por exemplo con Blanco Amor. Seoane falou aquí pouco en galego. Blanco Amor por aí tiraba unha conferencia en galego, que era unha festa oílo, cantaba, cantaba moi ben, facía coñas, que era coñento de todo; era profesor meu de galego, entón liamos libros. O primeiro que usamos foi o do esqueleto, o de *Un ollo de vidro*, de Castelao, xa sabes, e logo

un que me encantou e abriume todo un panorama das posibilidades que podía ter o galego, que era o *Merlín e Familia*. Era unha literatura fantástica, unha cousa..., esa possibilidade de facer devalorios estilo Herman Hess, coa lingua e demais, pois era unha cousa nova porque, claro, ti lías a Curros Enríquez, lías a Rosalía de Castro ou literatura máis ou menos política ou nostálgica, pero de pronto había unha cousa de xogo, unha cousa de verdadeiro espírito literario, da possibilidade de usar o instrumento coas variacións que ti queiras.

Pero no Centro Galego, volvo a eso, eu non sei de ningún médico, que falara en galego, fóra de dicir algunha cousiña...

– *Non falaban porque non sabían ou porque non querían.*

Primeiro porque non sabían, pero aínda ós que sabían un pouco dáballes vergonza. E logo temos esto, que o enfermo podía pensar que estaban facendo coña del. Eso era o máis grave. Por eso eu ó falar cos pacientes daba moitas voltas e logo cando eu falaba xa era natural, porque eu identificárame. Eu dicía quén era, que me levaran a cristianar a Galicia..., todas esas cousas aquí, claro, abraíábaos. E se eran vellos e vellas, mellor, e se estaban un pouquiño mal, entón gustáballes que eu pasara por alí. O mellor de todo era contarlles un conto da miña nai, cousas que lle pasaran a miña nai, e entón eles tamén empezaban a tutearte, formaba todo parte da comunicación, ese feito de usar un código entrañable e logo os aditamentos do código entrañable. No hospital, por exemplo, tiñamos unha chea de monxas, de irmáns da caridade, agora non as hai, pero había hai vinte, trinta anos, e moitas eran galegas e falaban sempre en castelán. Pero cando me eu facía amigo dalgunha, sobre todo dunha que aínda está viva que era de Valdouro, ela falábame en castelán conmigo e seriamente de usté. En galego atuábame e falaba as porcalladas máis grandes sen ningún problema, e xa cando estaba vella gustáballe que faláramos diante de todos os médicos. De primeiro era unha castelanista tremenda, logo amoleceu.

No Centro Galego, non se falou nunca na comisión en galego, non hai unha acta feita en galego. É a diferenza da colectividade galega coas outras colectividades, teñan máis ou menos xente, probablemente menos, porque esta eu penso que é a nación máis grande. Non sei se ti liches un libro que eu abomino del moito, pero que penso que había que escribilo. Tecnicamente ten mil defectos, mentín, adobiei a historia..., porque eu estaba..., quería matar a Franco cun libro, era *Los gallegos y Buenos Aires*.

– *Cóntame cómo xurdiu e cómo se fixo ese libro.*

Fíxose a toda velocidade, eu dixen que o tiña feito e non o escribira. Unha vez escribín sobre a linguaxe dos signos, dos xestos en Buenos Aires, que son mediterráneos, moitos son dereitamente italianos; pero a diversión deso era que eu lía o monólogo e unha rapaza e un rapaz detrás facían os xestos. Entón un tipo que me veu dixo: «eu quero que ti escribas un libriño sobre linguaxe verbal, o que interesa é a linguaxe verbal». En Buenos Aires ten moita importancia eso, porque eu estudiei moito o lunfardo, que é de linguas inmigradas, en realidade, practicamente italianas, case non hai nada de galego, porque eu preocupeime moitísimo por conseguir algunhas palabriñas galegas no lunfardo e hai moi poucas e moi discutibles. E entón dixen que eu xa me preocupara da emigración, dixen eu, «xa teño un libriño

case que rematado sobre os galegos». Dixo o tipo, «pero dáme ese libro...» Así que eu mentín. Era un momento terrible no ano 72, había unha inflación galopante e pasaba unha semana, un mes, outro mes e eu traballaba coma un tolo, escribino en dous meses e medio. Entón díxome, «mira eu xa non sei se imos poder editalo» porque están subindo os prezos tódolos días do papel, non sei se imos ter papel...Eu dixen, «bueno o único que podo dicir é que non me vou afeitar máis ata que acabe o libro». E empezou a crecerme a barba que tódolos días tiven problemas coa policía, era un problema serio andar cunha barba en Buenos Aires porque era a marca da esquerda. Ó final entreguei o libro. O libro tivo un éxito descomunal, descomunal. Ten unha dedicatoria a miña nai onde di «a miña nai galega que emigrou pra me facer porteño». Hai outro libro, que pasa por ser libro, que se fixo..., é *Los gallegos en la Argentina*, de Vilanova Rodríguez. Ese non é un libro, eu vino preparar, son recortes periodísticos. El, que era un santo galego, era un santiño galego, pero que fixo moi mal neso, el cortáballe por arriba e cortáballe por abaixo onde estaba o nome e pegábao, así que ti tes o mesmo caso contado catro veces, en catro maneiras diferentes, e logo el pegou todo eso, que é un traballo extraordinario se fora feito como ficha bibliográfica, sería un monumento realmente, porque é moi importante. El estaba sempre na biblioteca do Centro Galego e repenicaba, o Rodríguez² agarraba a cachola..., cortaba e pegaba e pegaba, así mandou todo e fixo eses dous tomos, que é un desastre. Así que, o único libro, se sacamos ese que non é un libro senón un repositorio de datos moi difícil de meterse neles e que é necesario que se lle dea algunha vez estrutura de ficheiro e que se chame co nome del, pois se sacamos ese, eu pregunto ¿que libro se fixo na Arxentina sobre o tema este? Saíu no ano 73, ten xa vintedous anos, nunca quixen reeditalo, ofrecéronme bastante por reeditalo, pero nunca quixen, porque eu xa dixen, ese libro hai que facer unha edición facsimilar cando eu morra cun aparato crítico, mostrando todas as mentiras que dixen, porque eu dixen todo o que pensaba un home no 72, porque eu estivera no 62 en Galicia facendo de axente provocador. Dez anos despois eu tiña a imaxe do 62, de modo que no 72 pensando como no 62..., Franco, o que significaba Franco, quero dicir, a imposibilidade de expresión galega, parecía unha cousa incurable, Franco ía vivir 150 anos máis, no ano 62 Franco era inmortal porque Franco foi inmortal ata que morreu. Ademais eu estaba nutrido por tódalas lecturas que lía de aquí, nacionalistas; eu quería matar a tódolos españois. Entón ese libro ten esa marca, primeiro de que eu usei os recursos lícitos ou ilícitos, é un libro político que ten tódalas posibilidades de dar golpes baixos. É importante velo como un documento do tempo e ademais é probable que moitas páxinas poidan ser antolóxicas. É un libro que está difícil de conseguir e aquí imposible. Eu quería convencer a tódolos arxentinos que había que ir alá e matar a Franco e matar a tódolos españois e deixar ós galeguiños sós, apartar a Galicia do resto de España e igual poñela así como unha illa fermosa no medio do Atlántico; era unha utopía case renacentista a idea, non. Así que, é un libro con moitas dificultades, pero é unha cousa histórica e hai que tomalo así, son xa vintetantos anos e hai que pensar no ano en que foi posto eso.

- *Volvendo ó uso da lingua entre os galegos...*

Volvendo ó uso da lingua entre os galegos, cando eu era rapaz, eu nacín no 26, leváronme a Galicia no 29, tiña dous anos e pico. No 29 bautizáronme alá en

2. O Sr. Rodríguez é o bibliotecario do Centro Galego. El e mais o Sr. Rei foron os que me puxeron en contacto con Pérez Prado.

Santiago de Vahamonde, onde agora está Afonso, un crego do grupo *Xermolos*, un home extraordinario, tremendamente galeguista. A el botárono do seminario e Quiroga Palacios intercedeu por el para que volvera a meterse, botárono por falar galego. El dixo que alí era menos grave cagarse en Dios ca falar en galego porque os seminaristas eran galeguiños que viñan do campo, fillos daqueles máis acomodados que podían estudar o fillo para crego, porque era un seguro social importante; entón, claro, no seminario aprendían a falar «castejano» todo corrido e demais, e ás veces botaban un «me cago en Dios» e podían ser escoitados e eso era unha cousa grave para un seminarista, pero non era unha cousa tan grave como falar galego, porque unha cousa é ceibar un xuramento, que é unha cousa fea, pero o outro era unha actitude política moi fodida. Miña nai sabía toda a misa en latín e cantaba a misa en castelán e di que o crego cando andaba así entre nós era un campesiño máis, pero logo cando botaba o sermón non o entendía nin a nai que o pariu, botaba unhas castellanadas..., unhas cousas zarzuelas. Despois cando baixaba era un campesiño máis, sabía onde estaban os porcos, as galiñas, os ovos..., pero cando se poñía arriba e falaba a lingua do imperio provocábase esa opacidade que os campesiños aproveitaban para pensar na vaca que tiñan mal..., desconectaban, era como oír esperanto.

Así que, eu nacín no 26 e cando chegou a guerra civil eu xa tiña dez anos e alí vin politizarse toda a emigración galega, eran «Los Leales y Los Rebeldes», non se dicía Nacionais nin Roxos nin nada, acá dicíase «Republicanos o Leales y Rebeldes». Entre as cousas que eu teño na cabeza é ver ó actor Tacholas pedindo diñeiro para axudar ás tropas republicanas, leais. E nese momento os galegos que había eran galegos que chegaran antes da República ou nos primeiros momentos da República, ningún estaba con Franco e todos ou case que tódolos centros galegos estaban metidos na parte republicana, leal. Moitos destes galegos descubriron que eran galegos e que Galicia non era unha cousa desdorosa de todo cando chegaron a Buenos Aires. Eles emigraron como españois porque consideraban que tiñan esa desgracia de ter nacido aí arriba á esquerda, nesa parte do mapa, unha desgracia coma calquera outra; pero logo chegaron, viron os paisanos, viron os anarquistas, grupos como *A fouce*, que estaban no nacionalismo forte, un nacionalismo como á irlandesa, sen bombas e entón moitos entraron neso. E cando empeza a guerra meteron o galeguismo así un tanto intuitivo co asunto republicano, todo xunto, fixeron como unha mestura. En cambio outros centros españois podían ter xente máis ou menos metida no franquismo, que daquela era a causa nacional, e tamén traballou a falanxe acá... e cousas polo estilo. Eu teño a idea de miña nai cantando co puño enriba a Internacional, o Himno del Riego e cousas así nas xuntanzas dos galegos. Cantabamos cousas que se perderon de todo, cantabamos sempre *A Alborada de Veiga*. Cando faciamos unha romería sempre se empezaba cantando á mañá cun gaiteiro tocando. Logo había unha orquestra que tocaba pasodobres e demais, pero sempre había gaitas e miña nai sempre bailou moi ben. Miña nai tivo a sorte de non saber que eso era folclorismo, porque unha das cousas que eu penso que é un erro grande, grande, é o de pensar que todo o folclore é folclorista e é un erro grave. Se aceptamos a definición lingüística de folclore, esto é a sabiduría do pobo que pasa boca a boca, como di o romance castelán «como suele el pueblo hablar a su vecino», se aceptamos eso, é unha manifestación que debemos aceptala como acepta-la lingua. A miña nai, que naceu no ano catro, cando bailaba no ano dez cunha zanfona, que pasaba unha cega tocando unha zanfona ou co gaiteiro do pobo que estaba por alí e lle daban unha calderilla para que tocase, pois agora polo visto

unha cousa así sería unha falcatuada, unha paifocada. E tamén pasa un pouco co idioma, na bisbarra da miña nai non se di boneco nin boneca, dise nécora, a min chamoume a atención porque eu dicía nécora en Galicia e ninguén me entendía, entón pregunteille a Santamarina e el sabía e dixo que pensaba que viña de necre, de naquer, de nacre, de nácar, non sei..., pero miña nai dicíaa, e eu téñoa rexistrada como un localismo. Agora digo eu, cantas cousas vin que se cargaron coa normativización da lingua. Eu primeiro penso que a lingua ten que estar normativizada, eso sen dúbida, aínda que poida significar dor para os que falabamos así de oídas ou fixemos a nosa lingua lendo aquí ou acolá en diferentes autores ou oíndo xente que falaba ben, mal ou castrapeando. Pero eu entendo que unha lingua chega un momento que ten que fosilizarse un pouco nun sistema que é unha normativa porque o castelán tena e case que tódolos idiomas. Pero cando insistían tanto en que tal palabra é un vulgarismo, eu preguntaba: bueno acepto que non podemos tomar vintecatro mil formas diferentes de dicir unha cousa porque sexan diferentes en vintecatro mil aldeas, eso non pode ser, de acordo. Pero eso de vulgarismo... Porque cando se vai á raíz, ó latín, digo eu, bueno, imos supoñer que chega aquí Cícero ou calquera latino grande e nos escoita que falamos en castelán ou en galego, ¿que di?, el diría «estes son bárbaros», «falan latín pero moi mal, un latín de merda están falando», pero a eso chámalle galego ou castelán agora. Eu non digo que imos inventa-la lingua de sempre, pero debemos aceptar que se imos tan directamente chega un momento en que algúns dos dicionarios da normativa practicamente se cargan unha cantidade de expresións que se usaron sempre en Galicia, que son vulgarismos sen dúbida, pero tamén por exemplo o castelán é un vulgarismo de pe a pa visto desde o latín. En todo caso, que se tomen como sinónimos.

– *Ti entendes, logo, que houbo unha excesiva criba.*

Eu penso que se cargaron moitísimas verbas co asunto da vulgaridade e do hiperenxebriismo, porque o hiperenxebriismo pode ser produto dunha cousa perfectamente pensada, política, como o que faciamos todos nós. Somos hiperenxebriistas porque temos que afastarnos do castelán, é un xeito político, entón inventamos porque chega un momento en que tratamos de refugar o castelán e doe para calquera de nós, coma min, que temos así unha actitude nacionalista galega, porque penso que é moi difícil falar de nacionalismo se non hai unha lingua á parte, por moito que poida haber unha cultura diferente e demais, porque se ti non tes un código diferente é difícil entender o concepto de *nación*, de *nación* clásica, non o estado, que acá se confunde o *estado* coa *nación*. Entón cando ti estás falando e che parece que podes caer nunha verba que é castelán, tratas de evitala con esta actitude hiperenxebriista que é perfectamente entendible e ás veces tamén pode ser tonta e esaxerada, pero o antihiperenxebriismo pode chegar á tontemía tamén, quero dicir, se houbo escritores que chegaron a inventar unha verba pois tamén o fixeron os casteláns e os ingleses; a literatura inglesa está chea de verbas que ti podes dicir esta usouna Eliot, esta Shakespeare. Hai moitas que empezaron en Shakespeare e non estaban antes, pero quedaron, quedaron porque valían. Unamuno tamén inventa verbas, por exemplo na *Vida de Don Quijote y Sancho* pon un glosario das verbas que inventou para aí, por exemplo «sotorreír» que di que é «reirse como un conejo». Claro, entendemos que se non hai aquiescencia de todo o mundo a verba ten pouco folgo e non vai pasar nunca ós repositorios. Pero se catro ou cinco autores empezan a usala, esa verba nace. Así que, as actitudes antihíper poden chegar a ser un pouquiño negativas. Porque mira tamén o celtismo.

– *Que pensas ti deso.*

Eu penso que é un mito fundacional. Eu penso que houbo celtas en Galicia, pero é moi fácil dicir que si porque ninguén o sabe certamente, ninguén sabe quén eran os celtas, se houberan tido, coma o Imperio Romano, un César, un..., entón podíamos dicir os celtas baixo o rei tal..., pero os celtas é un grupo de pobos que é moi difícil definilos, pero que teñen unhas certas características comúns de acordo cos restos materiais que deixaron e tamén coa mitoloxía, porque despois, non deixaron un corpo lexislativo, non teñen un libro fundacional, aí non hai unha Biblia, non hai un Corán, non hai un Vello Testamento. Nalgún lugar pode que estean eses pobos, que poden ter sido moitos, que poden estar polo sur de Alemaña máis ou menos e logo expándese para tódolos lados, e así en varios lados, finisterres, parece que houbera un algo parecido que pode ter que ver co que queda deses pobos, e despois o que se superpón e mais a condición de afastados. Por exemplo calquera que vai por Irlanda ten a impresión de que se parecen ós galegos, a paisaxe parécese moito, pero tamén hai unha serie de cousas do humor, así cando ti les a literatura irlandesa hai un trasfondo moi parecido. Pero a cousa é un mito fundacional, forman parte dun corpus fundacional e cosmogónico, porque como dicía un científico amigo meu, cando empezaron con ese manto de Cristo de Milán, que ían facer un estudio e a desgracia sería que as conclusións foran que a tea fora feita no ano cero ou no ano dez da era cristiá, que ten un ADN tal..., eso é terrible porque van quererlle facer o grupo sanguíneo; entón eso é un disparate porque é un mito fundacional Cristo. A cousa positiva é a verdade histórica que pode ser ou non e logo os milagres que se lle van poñendo forman parte do corpus fundacional, porque a figura de Cristo non se pode cambiar porque se saiba ou non que o manto santo foi ou non o que en realidade tapou a Cristo. Entón os da Cova Céltica necesitaban un mito fundacional, e ¿cales son os mellores?, os cosmogónicos, eses que tiveron un heroe fundador que pasou moitas desgracias, que todo o pobo sufrira moito..., eses son os bos mitos fundacionais. Así os da Cova Céltica encontraron unha boa idea de separarse do flamenco e do «barrio de lavapiés» e de «Majadahonda del perro honrado», falando dos celtas. Eu penso que nunha cultura se necesita un mito cosmogónico nacional que se pode tomar como *A Ilíada*, como *A Odisea*. É importante pola cohesión que dá aceptar unha cousa que pode ser metafórica, porque os celtas podían ser unha metáfora dunha realidade que pasou, pero que é diferencial. Se eu lle pregunto ós que estudian ou lles interesa Galicia se ven diferente a Galicia do resto de España..., e non importa por qué se non se a ven diferente, que ese é o caso.

– *¿Ti ves a Galicia como unha auténtica nación distinta ó resto de España?*

Para min existe algo que é o *país*, que agora por exemplo en España din «o país»: «el país ha sufrido mucho con la sequía», ¿como país?, país vén de «pagus» latino e é o currunchu onde ti naciches ou te formaches ou estás asentado, é a paisaxe, cando un francés se vai do país e ten nostalxia el ten «mal du pays», dóelle o país, non a nación nin o estado. O home sendo como é un animal óptico, ademais de «homo loquens», ten unha paisaxe, que xa ves que pode ser un substantivo con diferentes xéneros en diferentes linguas, cousa que é moi importante porque é unha maneira de ve-la realidade que ten cada lingua, porque se os alemáns pensan que o sol é feminino e din «die Sonne» pois é algo moi diferente que falar por exemplo de «o sol». Entón o *país* é unha imaxe construída que ó ser internalizada nos anos

primeiros produce fóra del unha actitude de tristura e probablemente de inseguridade que lle chamamos nostalxia. Entón todo Dios ten un país, aínda que no libro meu digo que os porteños non temos país porque Buenos Aires non ten edificios vellos que poden constituír o *país*, porque si ti naces fronte á Catedral de Santiago e pasas aí a vida pois eso é unha montaña, unha escultura óptica fundacional para ti, é un «imprint», é o currunchito onde ti vives, é o territorio animal. Logo está o *estado*. O *país* é un invento da xeoloxía e os homes ó internalizalo danlle unha condición humana. O *estado* é unha organización burocrática que de maneira mellor ou peor centraliza toda unha serie de administracións. É unha invención do dereito político. Pero logo queda outra cousa que é a *nación*. A *nación* non necesita nin ter un *país* nin ter un *estado*, o exemplo clásico son os xudeus. Os xudeus tiñan un *estado* desde 1948, antes non. Tiñan pasaportes rusos, polacos, alemáns...., *país* non tiñan porque ían dun lado para outro, eran directamente diaspóricos, ás veces forzados e ás veces por gusto. Entón antes de 1948 ¿os xudeus eran un *país*?, non, ¿eran un *estado*?, non. Eran unha *nación*. Entón unha *nación* é un grupo humano. A *nación* é algo que se coñece mellor desde fóra que desde dentro. Toda discriminación faise contra a *nación*, non contra o *estado* nin contra o *país*, ninguén se cabrea contra as rías galegas. A verdadeira discriminación sempre ten unha cousa de burla, que pode chegar á crueldade. A diferenciación faina a xente de fóra. O discriminador, o primeiro que a fai, o primeiro que quere matar e negar unha *nación* é o primeiro en distinguila, se non non podería facer esa discriminación. Entón ¿que é Galicia?, Galicia é unha *nación* asentada nunha chea de *países* (non é o mesmo O Cebreiro que as Rías Baixas ou Altas ou a Terra Cha que son países moi diferentes e dan lugar a distintas maneiras de ser nas xentes). As *nacións* son inventos dos homes e é a única cousa verdadeiramente humana que existe. ¿E como se distingue unha *nación*?, pois porque ten que ser diferente dos outros. ¿E como é diferente dos outros?, por moitas razóns, pode ser racialmente, pero eso non ten tanta importancia, o asunto é realmente cultural, ¿e cal é o sangue da cultura?, o sangue da cultura é o idioma, a lingua. Por iso é moi difícil que me falen a min dunha *nación* que non ten un código propio. Pode haber un grupo, unha rexión...; por exemplo o señor Amarelo de Castro que eu non teño a felicidade de coñecelo, botou unha chea de discursos nos que se ve que agora está metido directamente no rexionalismo de novo, é dicir, «primeiro de todo España, Galicia es una región». Entón Galicia é unha *nación* e é unha *nación* porque se diferencia, e diferénciase porque ten algo de diferente. E inda a coña que fan de nós, de discriminación no sentido pexorativo, demostra que eles ven en nós unha cousa diferente. Que logo despois lle poñan un estereotipo inventado non importa. Dos Xudeus dicían na España dos tempos poscatólicos que tiñan rabo, eso de «castellano rabudo vete a tu tierra, tu madre es una puta y tu padre un mierda» que cantaba unha muller que tiñamos de sirventa na casa, que para min era interesantísima, Doña Ramona, porque primeiro, que nunca falou castelán na súa vida e esa é unha das fontes que podo ter eu do galego. Eu preguntáballe, ¿pero Ramona como non sabe falar castelán? Ela dicía «porque en galego fala toda a xente que eu quero e todos me entenden.» E esa muller o único que dicía en castelán era eso de «castellano rabudo vete a tu tierra, tu madre es un puta y tu padre un mierda». E eu sempre pensei no de rabudo e dicía eu ¿non será unha implicación de xudeu?, porque a Mendizábal, de estirpe xudía, nas caricaturas da época cando o poñen de costado sálle un rabo. Quero dicir con esto que sabemos que os xudeus non teñen cola, pero o feito de que o resto pon a diferencia chegada a ese extremo....

Si, hai por exemplo o icono galego, eu traballei moito no icono galego; eu teño unha colección grande de iconos galegos. Unha cousa que me chama a atención é como non vén aquí xente de Galicia para facer unha tese sobre o iconográfico do galego. Eu ó mellor escribiría un libro sobre eso, pero sería mellor que máis tecnicamente ca min e dunha maneira máis seria có que xa fixen eu sobre o tema..., porque o fixen un pouco ás arroutas e contestando... Eu son o autor da denuncia penal polo libro dos chistes de galegos. Tiven que estar en televisión en tódolos grandes programas e ata se rían de min. Entón eu non sei como é que en Galicia non teñen interese en que no lugar que acolleu a emigración máis grande de Galicia haxa un estereotipo racial dos galegos, que é o único que teñen os arxentinos, o único que entenden, porque eu xa fixen tódalas probas. Ó principio do século tiñamos o chamado sainete criollo e alí están tódalas figuras arquetípicas e sempre os sainetes se formaban cun árabe, cun xudeu, cun galego, cun italiano e cada un tiña un icono -eu chámolle o galaicono- convencional e tamén deso saía toda unha actitude. Era actitudinal, ou sexa, cultural e tamén racial. Eses foron desaparecendo todos e neste momento eu fixen probas con rapaciños e debuxei todos os iconos, que no ano vinte todos os rapaces dicían «este é o árabe, este é o xudeu...», agora soamente está o galego. Entón é moi importante e os chistes de galegos son tremendamente importantes, ninguén pensa en matar galegos, claro, pero é a coña constante; tanto é a coña que non se pode poñer nun título a palabra «galego» sen aclarar que non é un chiste. Eu teño unha colección de centos...e escribo ós periódicos e xa non me contestan... Por exemplo, din, «en Galicia se descubriu una tumba tal...» e poñen entre parénteses «no es un chiste» ou «chegou un conxunto de artistas galegos que no son un chiste». Na televisión hai un número de teléfono, que tamén o hai en todo o mundo sobre todo para cousas sexuais, e hai un no que aparece un galaicono e cóntanche chistes de galegos. Todo esto do galaicono, que leva tantísimos anos acá, ten moito que ver co que podemos chamar nación galega, a nación galega tanto que viva alá como que viva onde sexa, porque como é posible..., eu por exemplo non teño a cara do galaicono, moitos galegos teñen parecido co galaicono, eu non a teño. Había un médico no hospital que dicía «vos no podes ser gallego con esa cara», entón eu pregunteille ó actor Tacholas onde podía conseguir unhas cellas ben mestas, etc. e el dime «mira podes ir a unha xastrería teatral», porque eu vou ir ó hospital tratando de poñer aspecto de galego para face-la coña con este tipo. E fun á xastrería e dixéronme «mire podémoslle vender bigodes»... Esto vén a conto porque vale dicir que ese home tomou tan en serio o estereotipo, que falando comigo describíame todo como era un galego. Eu dicíalle, mira os galegos son unha mestura, felizmente, de modo que vas encontrar galegos roxos ou o que sexa. Por tanto o icono que aquí se acepta do galego dá de si unha conducta perfectamente estereotipada. Hai unha serie de cousas que teñen tódolos chistes de galegos que hai que estudialos ben e facer entón o arquetipo.

Se vas ó diccionario de María Moliner di que discriminación «es la capacidad de distinguir una cosa de otra» e nese caso somos todos discriminadores, pero logo se eu digo que estes de aquí non valen nada eu discrimino nunha segunda acepción que é a de «dar trato de inferioridad a un pueblo, una raza, etc». Entón o estereotipo do galego ten unha ventaxa para os debuxantes, porque se ti debuxas un bonequiño galego co estereotipo xa empeza a persoa a rir antes de ler o que vai debaixo. Quero dicir que é como as carautas dos teatros gregos ou o gracioso do teatro renacentista

español; cando les as «dramatis personae» dos teatros clásicos podes ler «o gracioso», todo o mundo sabía o que era, entón cada cousa que fai el xa ten para rir a túa complicidade. Ademais ten un carácter tan importante de construción «gestáltica», que por exemplo eu fíxeno con rapaces tamén, así eu fago un cadrado e un trazo con puntinhos pequenos e digo ¿que é esto? e din «un gallego», é dicir basta que leve algún elemento do estereotipo para que calquera que o vexa constrúa gestalticamente todo o resto do icono. A min asómbrame que esto non lles interesase ós de alá, digo á xente que quere facer teses ou tesinas, porque eu axudaríalles moito e daríalles todo o meu arquivo con moitísimo gusto porque eu pásome a vida recortando e fotocopiando. Pero estudialo cientificamente é unha maneira de combatalo. O dos galegos é o único estereotipo que queda porque cos xudeus acá na Arxentina xa non se fai coña, facíase cando eu era un rapaz, estabas aburrido e non sabías que facer e pegábaselle a un xudeu, pero agora non son medosos, teñen conciencia clara de nación e se ti tes un problema agora cun xudeu é un problema gravísimo, pero gravísimo. O que quero resaltar é o cambio de actitude. No ano 40 os xudeus non eran ninguén e eran parte do sistema risorio do arxentino medio que aprendía a realidade humana cos sainetes e cos estereotipos. Agora quedou o galego só e eso é moi importante. Eu cando foi o dos chistes enfermei, enfermei, porque parece mentira que os do Centro Galego non se moveran. Eu fixera unha denuncia penal. Eu non digo que os chistes estiveran ben ou mal, pero hai unha lei de antidiscriminación que é directamente vulnerada. A miña denuncia leva dous anos, os que fan asinala comigo escaparon e asinei eu só. E todos me din agora que será mellor que prescriba porque se un xuíz di que si, que a editorial planeta fixo tal, pois que esta editorial que me vai facer un xuízo e que non sei que. ¿Ti sabes cantos exemplares se venderon?, un millón.

– *Tiña entendido que Rodolfo Alonso lles fixera xa unha crítica...*

Alonso, que é un poeta extraordinario, fai unha critiquiña na revista do Centro Galego e por suposto que é dos nosos e ten un sentimento galego, pero cando hai que ir ó xuíz, cando hai que ir á televisión...estou eu só, o único tolo son eu. Nós podémolo tomar cun pouquiño de coña, pero temos que facer cumprir unha lei antidiscriminatoria. Porque, por exemplo, nun dos contos de muleiros (galegos) din «¿por qué las gaviotas cuando vuelan sobre Galicia, vuelan con las patitas para arriba?», porque hace mucho que descubrieron que abajo no hai nada digno de ser cagado», eso é o que se di por televisión. Agora, digo eu, pode ser que me digan a min «tranquilo non lle deas importancia, eso hai que tomalo en broma», pero entón por qué non din «quando vuelan sobre Israel...», e imos ver cómo dura a editorial planeta, imos ver cómo dura. Hai que ter por tanto a dignidade de nación, o que reacciona é unha nación porque o agredido é unha nación. Nós os galegos estamos tendo o grupo, a nación inmigrante máis grande de Buenos Aires, o grupo máis diferenciado, somos os máis capaces de facer cousas, o teatro Avenida mercárono nove galegos, un deles é o dono deste hotel City, pero eso si..., coa condición de non apareceren como galegos. Chamaron a periodistas e dixeron que eran un grupo de empresarios españois, empresarios españois. Eu agarrei a Álvaro Campos e díxenlle, pero a ver ¿hai algún deses que non naceu en Galicia?, porque se houbera algún de Murcia ou de Cáceres ou de Cuenca eu acepto que por cortesía dixeran «un grupo de españois» e xa está; pero se sodes nove nacidos en Galicia, home...

Aquí o que se chamou galeguismo foi a actividade política máis ou menos republicanoide que se fixo non centros pequenos. Logo co gallo da guerra fixéronse

coalicións, comezaron a fundirse e facerse máis grandes, pero de entrada había trescentas, catrocentas sociedades galegas. Cada un que viña, de Soutelo de arriba, de abaixo ou do medio sabía que había un lugar así onde estaba o tío del ou estaba un parente ou un amigo e desde o primeiro día sabía que ía ter xente que lle ía preguntar pola xente da aldea e demais e ó mellor íanlle conseguir traballo. Tódolos barrios tiñan algún centro, despois foi morrendo moita xente, despois formáronse centros coma o Lucense, o coruñés. Os outros foron desaparecendo e por un lado quedou a Federación de Sociedades Galegas, comunista; un tío meu foi un dos que debuxou o escudo, nel está a fouce.

– *Onde está agora a agrupación Xeito Novo.*

Si, creo que si. É aí en Chacabuco. Pero son moi españoleiros, aí non fala ninguén galego.

– *Pois teño entendido que en Xeito Novo si se fala galego.*

En *Xeito Novo* é outra cousa, eu fáloche do clásico. *Xeito Novo* é unha cousa diferente, aínda que eu varias veces tiven que escribir cartas a *Xeito Novo* porque unha rapaza que presentaba de *Xeito Novo*, unha loira bonita como ela soa, pero dicía «en la ciudad española de La Coruña ...». E eu dicía ¡pero como, estamos en *Xeito Novo*!, ¡esto é un centro galego!, porque escoitaron algunha vez dicir «la ciudad española de Barcelona», porque o arxentino distingue moi ben, así cando vén Serrat é un cantante catalán; un galego que vén, Cela, é un español de prestixio, porque se poñen galego teñen que tamén dicir «pero no es chiste». Chegouse a todo esto por falta dunha entidade nacional, un sentido nacional. Agora, en relación con inmigrados, esa xentiña que estaba nos seus pequenos currunchos foron acochegados polo grupo, casaron ás veces entre eles, sabían que o domingo tiñan a posibilidade de ir ós bailes... Aquí estaba o Centro Galego, o Centro Galego era a seguridade porque tiñan moito medo de ir ó hospital municipal e despois dicíanlles que o domingo ían ó «picnic» e ían ver unhas rapaciñas guapas e traballar vas ir traballar con fulano e entón xa estaba solucionado o problema existencial do rapaz novo emigrante, de modo que era como volver á cousa de alá. Agora, cando empeza a politizarse todo deciden os galegos ser galeguistas. Pero despois da guerra civil xa poucos fillos de galegos quedaron cunha traxectoria galeguista, ¿por que todos me coñecen a min? Eu non dubido de que homes como Penelas ou Rodolfo Alonso, que son poetas que admiro, estean facendo cousas interesantes e demais, pero na combatibilidade na que estou eu quizais non están.

– *Os centros parecen estar aquí un pouco fragmentados, percíbese certa desunión.*

Os centros chegou un momento en que empezaron a coalicionarse e eso coincidiu co franquismo. Cando os galeguíños chegaban acá, logo do ano 45 tiñan a idea de «España una, España libre» e «Cara al sol con la camisa nueva», «La Montiel», «Rafael», a española máis grande, e entón chegan acá e encóntranse con que acá hai que ser galeguista e antiespañol, entón métese no Centro Galego e demais e fanse galeguistas, pero no fondo teñen a tremenda nostalxia do franquismo porque están formados no franquismo; un home que chega acá no ano 50 pensando que Galicia dende o 36 está na parte franquista e con cregos e demais que non eran precisamente galeguistas, é un home formado no franquismo, na escola franquista,

na igrexa franquista. Os que chegan e tratan de meterse nos centros coa idea de traballar tratan de disimular eso, pero no fondo, no fondo, son franquistas. Despois chegou o momento «fermoso», chega Fraga, Fraga dalles a oportunidade de ser galeguistas sendo franquistas e meteu e todos estes no peto, porque dilles, «señores lo primero España», entón están contentos e todos se converten ó fraguismo, e esta é a segunda xuventude. A primeira xuventude foi alá co «Cara al sol con la camisa nueva». A segunda é cando vén Fraga. Aínda que Fraga tamén experimentou unha certa evolución política, primeiro quixo ser Rei, pero non era Borbón. Entón quixo ser primeiro ministro e tampouco. E despois deuse conta de que había que coidar a leira e a leira era Galicia, pero os votos galegos conséguense sendo franquista, «ante todo España». Logo cando chegou aí empezou a amolecer, a enferruxárselle un pouco os miolos e, aínda que é e sempre foi un gran histrión, moitas cousas sáenlle en serio; empezou a descubrir un pouco, empezou a chorar e empezou a galeguizarse un pouquiño. O chiste é que cando vén aquí e fala galego os outros contéstanlle en castelán e din «pero este home fíxome votar por el para acabar co galego e agora vén falar galego acá». Entón aquí empezou a murcharse a segunda xuventude deles. Pero agora vén a terceira, o Aznarismo, están todos contentos con Aznar, porque pensan «coño se por aí puideramos resucitar a Franco, pero é difícil porque eses fillos de puta metéronlle unha lousa de tres mil quilos e non pode saír de aí embaixo». E esas son as tres xuventudes dos galegos que mandan agora. En relación con Fraga, eu penso que el tivo unha evolución, pero el xa non vai ser máis presidente, entón supoño eu que vai ser alcalde de Vilalba e vai impoñer o vilalbés como lingua, vai inventar o vilalvés e logo cando remate vai poñer un estanco para vender chocolates e cousas así e vai inventar o estanqués, e sempre vai ser o pequeno rei de algo. Co aznarismo teñen a esperanza de que vai ser de novo a España imperial e cousas desas. Eu non podo falar de Aznar que non o coñezo, ó mellor é o mellor tipo do mundo, non o sei, pero dígoche o que se pensa porque neste momento estamos falando de aquí. Entón todos estes como Álvaro Campos ou o dono deste lugar (Hotel City) están nunha nova primavera neste senso.

– *Ti, nos anos sesenta, foras a Galicia, daquela a situación sociolingüística era moito peor, ¿non cres?*

Si, a min no ano 62 todos en Cataluña me falaban catalán, en Galicia detivéronme por falar galego, de «corbata» e con acento porteño, porque un tipo fixo coña dun emigrante que estaba onda min que falaba galego e díxolle «hábleme en cristiano», entón eu díxenlle «e por que non me di usté a min que eu fale en cristiano». «señor, yo a usté no le faltó», contesta. Claro, a min non mo dicía porque eu levaba «corbata», falaba con acento estranxeiro e tiña pinta de ter estudiado. Entón chamou a un garda e dixo que me ía cobrar quíntas pesetas, e preguntéille por qué e díxome: «por comportamiento impropio». Eu dixen, non, non, tenme que poñer por falar galego. El contesta «no, no, pero no se trata de eso». Si se trata deso, dixen eu, «porque usté no sabe el jugo que yo le voy a sacar a esto dentro de unos años y la verguenza que le va a dar a usté». E aí acabou o asunto.

Así que che digo que acá houbo moitos galegos que fixeron grandes festas e demais, pero nunca se falou galego nas casas. Desde o punto de vista nacional a menor nación das verdadeiras nacións españolas foi a galega, porque non teñen conciencia de seu. Así que, os galegos chegaron desgaleguizados e o que tiñan de galego eran as cousas que servían para a dificultade de vivir, eran honestos, porque

¿cantos galegos ricos hai?, galegos ricos moi poucos, pouquiños. Moitos non son ricos porque non arriscaban, tiñan tanto medo de pasar fame que pasaban fame para non pasar fame e non arriscaban nada e se non se arrisca nun lugar como este non se ten diñeiro. Acá hai unha ducia de galegos ricos. Cando eu escribín o meu libro había seis. Trataron todos de asegurar o pan e, por exemplo, non fundaron ningunha escola, pero mandaron 365 escolas, unha por cada día do ano a Galicia para preparar emigrantes mellores. É así. Os galegos é a única colectividade que non fixo aquí unha escola.

– *Entón como ves ti o futuro dos centros, o futuro da colectividade..., agora estase a facer aquí un colexio galego, financiado en boa parte pola Xunta, ¿Cres que pode crearse, rexurdir aí unha nova conciencia galeguista?*

Ese colexio é unha broma. E vouche dar unha anécdota. Eu tiven unha discusión cun dos que están na escola, que ten un trato afable comigo e díxenlle que eu aí non fora consultado nunca, porque a ver cantos hai acá que teñan unha traxectoria galega e que estudiasen en universidades estranxeiras coma min, porque se non estou eu quén está, porque se houbese acá tipos que se preocupasen pola cousa galega e tivesen *curriculum* eu aceptaría non estar, pero a ver quén ten máis ca min de galeguidade e académico. Entón, dime este home, «pero si tú vas a estar ahí, tú vas a tener tu cátedra», dixen eu, «¡pero cátedra de qué!, «sí, sí, todo el mundo va a tener su puesto, no vamos a prescindir de nadie». Díxenlle eu, pero ti non tes nin idea do que é unha escola nin de nada, cómo vai ter todo o mundo unha cátedra, cómo vou ter eu unha cátedra, ¡que vou ensinar eu! Eu fun profesor seis anos de xenética, pero agora non estou en condicións de ser profesor de nada, pero si de estar entre os directivos para sentarnos e dicir ¡bueno, que se vai facer!, imos preparar rapaciños, imos facer bacharelato, facer unha universidade privada máis, ¿que?, porque neste momento en cada esquina de Buenos Aires hai unha universidade privada, que son unha vergonza. Ademais cómo tempo levan con eso, pedíndolle cartiños á Xunta. Aí hai algunhas persoas que están muxindo a vaquiña, temos algúns arxentinos que son galegos profesionais xa, que están muxindo a vaquiña, dous ou tres, pero están ó seu, e o problema é a falta de conciencia nacional. En cambio os xudeus, os eslovenos que son catro ducias, hai corenta e tantos anos que teñen escolas. Todos os eslovenos amigos meus ou que foron empregados meus, rapaces, etc., ían pola tarde á escola arxentina e pola mañá ían á escola eslovena e facían exactamente o mesmo curso ca na arxentina, pero en esloveno; non hai ningún esloveno aquí, neto de eslovenos que non fale perfectamente ben o esloveno; digo esloveno, que non é inglés nin alemán nin francés, que é un idioma sen utilidade práctica no mundo. O deles é unha cousa profundamente vocacional e nacional. Por tanto o desa escola galega aquí é un chiste, unha broma, porque a ver qué xente está a mover eso, qué xente teñen. A min chámanme os holandeses, os ingleses como consultor para dar bolsas de estudos a médicos, eu estou en Radio Nacional facendo periodismo científico e fágoo en oito idiomas e levo facendo eso doce anos, seiscentos programas. Quero dicir que chámanme todos menos os galegos acá. Porque por exemplo a película *Castelao*. A película *Castelao* fíxena eu. Eu fixen dúas películas grandes con Preloran, que agora retirouse, foi profesor da Universidade de California, e fixemos a película *Castelao*.

– *Fálame algo desa película, ¿como a levaches adiante?*

A película *Castelao* inventeina eu, custoume diñeiro e case me custou o pelexo porque a película tiña un contido máis ou menos político e Preloran tivo que liscar

do país e tivenlle que mandar de contrabando a película para que a rematarea nos Estados Unidos. A película tardou anos en facerse. E ¿que fixeron os galegos?, sacaron un vídeo. A película chegou a ter catro horas, logo axustámola para unha hora e vinteseis minutos para facer unha miniserie de tres entregas de televisión. Así quedou. E algúns do Centro Galego xuntáronse e repenicaron a película e dixeron «hay que acortarla y suavizarla». Sacáronlle máis ou menos media hora. Cando chegou Manolo da Rúa, de *Imaxe e Son* da Coruña e conseguiu a versión orixinal e maila outra e comparou.... Neste momento véndese ese vídeo no Centro Galego e aí non aparece quén a fixo, é ademais unha edición totalmente clandestina que fixo o Centro Galego e sacoulle trinta minutos de excesivo nacionalismo, segundo eles. Eles non fixeron a película e ademais recortaron a película que fixen eu.

E a historia da película foi que un día chamoume Preloran, que me quería coñecer, porque me oíra pola radio e me vira pola televisión. Fun á súa casa e púxome unha película que me pareceu extraordinaria e dixo «quiero hacer una película con vos de lo que vos querás» e así naceu *Castelao*. Eu leveina ó Centro Galego, pedín o Album Nós e mostréillela. En catro horas contaba toda a vida del con cartas persoais, discursos políticos. Puxemos como figura agónica ó rei Afonso XIII que cada vez que aparecía soaba un pasodobre, escollemos as fotografías máis ridículas do rei, porque eu necesitaba unha figura risible, da España faranduleira e zarzueleira. Preloran estaba tan contento coas figuras protagonista e antagonista que fixemos aí a traxedia grega e xa case estaba parecendo unha película coñenta de Afonso XIII.

– *Resumindo xa, ¿o futuro da colectividade como se ve, negro?*

Resumindo, eu penso que a colectividade galega..., o futuro non é que sexa negro é que non existe. O Centro Galego tiña cando eu empecei cento vinteseis mil socios, agora ten corenta mil e que falen galego case ningún. Ti vas ó hospital italiano e ves que di «hospedale italiano», é un asunto de orgullo, de afirmación e por dentro as salas, as saídas, as entradas, as indicacións están en italiano e no Centro Gallego un empregado foi amoestado por falar galego, Campos, o que estaba antes vendendo libros alí na entrada, e o que o amoestou é un galego de nacemento, aínda que non de nación. No hospital alemán tamén todo está escrito en alemán, no Centro Galego nunca se intentou poñer nada. Eu digo esto no libro da exposición *Galicia e América*, que a parte da Arxentina fíxena eu e está firmada por min e quedaron todos moi molestos porque din que é moi dura, pero eu dixen a pura verdade porque as cousas hai que dicilas. Se ti non fas o diagnóstico non podes cura-lo paciente e o diagnóstico pode ser fodido, duro, pero tes que facelo.

Despois o teatro, o teatro galego que se fixo foi moi pouco. Os eslovenos fixeron trinta obras ou máis por cada obra que fixeron os galegos e mais, como dixen, teñen escolas. Os vascos teñen unha escola de alta clase arxentina e os centros vascos teñen nomes vascos, os cataláns teñen «El Casau de Catalunya» e os galegos teñen «El Centro Gallego» ou «El Hogar Gallego para ancianos», no que ademais din «una de las más importantes realizaciones de la colectividad española». Aí está a diferenza.

Así que, a primeira actitude de Galicia é refugar España, é unha actitude necesaria, cruenta e cirúrxica. Hai que ter conciencia da diferenza, a mirada dos outros é a que che di que ti es diferente e se ti es diferente ti tes que mostra-los dentes, tes que

enfrentarte, é unha loita de afirmación do teu. Unha das cousas que fago eu sempre, cando vexo algún destes tontos galegos de diñeiro, algún con estudos tamén, que din «no, es que yo el gallego, es perder el tiempo, yo prefiero mil veces el inglés» e eu en canto me din eso eu empezo a falar inglés e entón dime que non entende e dígolle «ah, pero entonces tampoco sabe inglés, dice que prefiere inglés pero tampoco lo estudia». E a min o galego nunca me molestou para aprender inglés, alemán ou francés, ó contrario.

En relación co futuro, para dicir que o futuro é negro ou doutra cor temos que aceptar que hai un futuro, esto é, o futuro que teño eu como muller non existe, como vello si. O futuro é a persistencia modificada no tempo do que existe, entón podemos falar do futuro de algo, pero do futuro dunha cousa que non existe ou que está a morrer non se pode falar.

– Para rematarmos, aínda que xa o comentaches antes un pouco, dime cómo se ve aquí ou cómo o ves ti, o asunto da normativización da lingua, as distintas posturas, etc.

Eu vexo todo eso con moita simpatía e penso que non ten futuro. Pero hai moito que dicir en favor e en contra. Cando eu escoito falar ó meu amigo Alonso Montero que di que os lusistas están querendo matar o idioma, pois eu penso que non o queren matar, eles queren facer unha sorte de «restituta», ir ás fontes, pero con ese criterio tamén se podía facer unha «restituta» do castelán e podía ser coma Manrique ou coma El Cid. Así que todo eso é unha cousa de ver se é práctico e útil fóra do ambiente teórico e académico. Academicamente todo se pode facer. Por eso a actitude lusista aínda que poida ser impracticable ten o valor de ser pedra de toque para moitas cousas e abrir discusións. Os lusistas fan unha sorte de koiné, unha cousa artificial, que ó mellor está perfectamente construída e pode ser coherente, pero que non vai ter vivencia; para min resulta imposible pensar que a xente vai «lusear» en Galicia nunca. Se polo menos a xente falara o da Xunta, o normativizado, que está un pouco castelanizado, pero se polo menos falaran ese... Agora, cando se ven os dicionarios da normativa a un quedalle a idea de que se fixo un gran esforzo por castelanizar. Eu enténdoo, porque estíbese tanto contra os hiperexcebrismos, os vulgarismos, os ruralismos, por querer demostrar que moitas cousas eran de pura ignorancia –e tiñan moitísima razón– pero fixeron unha cirurxía moi cruenta. Por exemplo, para usar un dicionario, ¿que dicionario podes usar?, eu cando quero dicir algo que dicía miña nai teño que ir a Franco Grande porque aí aparece o que dicía miña nai, nos da normativa non. Entón, qué pasa, ¿que miña nai non falaba galego?, pode ser algo deturpado, pero se se falou durante séculos non se pode borrar.

– Ti mantés contactos con xente da Universidade, en Galicia.

Tiña contacto con Alonso Montero, pero xa non contesta cartas. A última vez que me contestou fixo unhas letras coma ovos dicindo que el agora xa non contestaba cartas. Tamén con Tarrío, con quen estiven na súa casa en Portosín e mais con Blanca. Tamén me invitaron para o congreso dos poetas alófonos. Agora vai saír unha tradución miña dos poemas galegos de Lorca ó lunfardo. Cando foi dos poetas alófonos fun porque me invitou Alonso Montero para falar de arxentinos que tiveran escrito en galego, como por exemplo Molinari e Bosco, de quen falei

cunha encantadora velliña que foi a súa noiva e falei del no congreso. Tamén estou en contacto con Luís Pérez. Despois está Gonzalo Allegue que fixo o libro de Blanco Amor, terrible. Eu axudei moito nese libro. No libro estou continuamente sendo mentado, pero a este home o único que lle interesaba era a cousa homosexual de Blanco Amor e meteu aí o dedo..., pero eu acá axudeino moito porque conseguinlle acá unha muller que todos crían que morrera e que fora moi amiga del. Esta muller, que é unha xudía moi vella (*refírese a Dalila Saslavski*), deume todos os xornais íntimos del. Tamén no 62 coñecín a xente que hoxe é mítica como García Sabell, Álvarez Blazquez, Paco del Riego, Piñeiro, Casares, Losada Castro...

Xosé Soto Andión
Instituto da Lingua Galega
Santiago de Compostela